

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE ABRIL DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 26 de abril de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 24 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Francisco Mourelle González

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro xeral sobre os licitadores presentados a este procedemento, que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 27-03-2019, para a contratación por procedemento aberto do "Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, consistente nos servizos de telefonía fixa e móbil, dos servizos de conexión de datos nas dependencias municipais, dos servizos de conexión de datos en mobilidade así como os accesos corporativos a Internet. EXPTE. 8685-133" que rematou o día 24 de abril do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. VODAFONE ESPAÑA, S.A.

Así mesmo, presentou oferta, a través do Rexistro Electrónico, a empresa TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A. (DOC. 19006018 no cal anexan, sobre electrónico e pegada dixital)".

Así mesmo, informa que tras a descriptación previa do sobre A mediante a plataforma



de licitación electrónica, segundo o previsto na cláusula 20 do PCAP, se comprobou que a empresa TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. concorre a esta licitación en UTE con TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.

A continuación pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Acto seguido procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. VODAFONE ESPAÑA, S.A.
 2. UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:42	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A446-EDB6BC-3FAE2E-EYA4EH-57CCGG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		